

FERNANDO ALONSO ROMERO “VIDA E OBRA”

Por: Alfredo Erias Martínez

Fernando Alonso Romero, fillo do escritor e avogado Fernando Alonso Amat, naceu na Coruña o 24 de xuño de 1944. Trasladoado moi pronto coa familia a Vigo, estudou, entre outros centros, no Colexio Alemán e no Instituto Santa Irene, que xa era mixto, a pesar da ditadura. Máis tarde, estudou na facultade de Filosofía e Letras da Univ. de Salamanca, onde se licenciou e máis tarde se doutorou (o 15 de xuño de 1974) con Premio Extraordinario de Doutoramento, presentando a tese titulada, *Relaciones atlánticas prehistóricas entre Galicia y las Islas Británicas*. Un título premonitorio da súa inxente obra nas seguintes décadas, ata hoxe mesmo en que sigue traballando coa paixón e o entusiasmo de sempre.



2018-09-30 Aurora Lestón, James Duran, Alfredo Erias e Alonso Romero cerca de Laxe das Rodas.
Foto: Francisco Xosé Fernández Naval

Entre 1969 e 1970 foi lector de Español no Hanley High School, en Stoke on Trent (Reino Unido). Entre 1971 e 1973 foi Lector de Español na Exeter University (Reino Unido). En outubro de 1974 foi nomeado Profesor Colaborador na facultade de Filosofía e Letras da Univ. de Salamanca. E desde o ano académico de 1975 en adiante foi profesor da facultade de Filoloxía da Universidade de Santiago de Compostela, chegando a ser catedrático de Historia e Cultura dos países de fala inglesa (2001). Hoxe é catedrático *ad honorem* da dita facultade.

Para min, que cheguei á Universidade de Santiago en 1975, o nome de “Fernando Alonso Romero” soábame xa a mítico, porque, emulando a Thor Heyerdahl e á súa célebre expedición Kon-tiki no 1947 entre Perú

e o arquipélago de Tuamotu, no Pacífico, Alonso organizara no 1974 o *Grupo Universitario de Arqueoloxía Náutica Experimental* co que construíu, por primeira vez en Europa, dúas embarcacións recreadas da Idade do Bronce, de coiro e vimbios, coa idea de chegar a Irlanda. Chamábanse, *Borna* e *Breogán*.

A *Borna* (de 5 m de eslora e 1,7 de manga, actualmente no Museo do Castelo de San Antón, da Coruña) foi botada á auga o 15 de agosto de 1975 e navegou desde Domaio ata as Cíes.

A *Breogán* (de 11 m de eslora e 3 de manga) construíuse en Noia, na praia da Barquiña,



HOMENAXE A: Fernando Alonso Romero e María Castroviejo Bolibar

Breogán, 1978



no lugar dun antigo porto medieval a onde chegaran por mar milleiros de cabaleiros da Segunda Cruzada en 1147: entre 164 e 200 barcos alemáns, flamencos e anglo-normandos baixo o mando de Arnulf de Areschot e Cristian de Gistell. Desde alí peregrinaron a Compostela e, máis tarde, reembarcados, axudaría os portugueses a conquistar Lisboa, que a tiñan os musulmáns. O propio Alonso Romero lembra como se fabricaron as súas velas, baixo a inspiración dos textos de Xulio César: “unha de liño, feita con pezas do século XIX que atopamos nun casarío da serra de Outes e outra de coiro, feita con vinte e cinco peles de cabalo”.


Pois ben, a *Breogán* levantou áncora

de Noia en agosto de 1977 e percorreu as rías de Muros, Arousa, Pontevedra e Vigo, onde arribou. Levaba unha tripulación internacional composta por un inglés, un irlandés, un francés e o resto españois. E en abril do ano 1978 partiu da Coruña rumbo a Irlanda, pero debido ó temporal foi rescatada pola lancha coruñesa de salvamento Blanca Quiroga e, posteriormente, levada pola Mariña a Ferrol, que a subiu ó porto, pero deixouna alí e acabou por podreecer nun ano: o que queda está hoxe no Museo Naval de Ferrol: as dúas velas, o temón de popa, a poutada (áncora) e os remos. Non chegou a Irlanda, pero demostrou que era posible.

A investigación da tese doutoral e esta experiencia marítima abriranlle a Alonso todo un amplo panorama de investigacións que había que facer e que se converten en obxectivos que presidirán o resto da súa vida, sintetizándose na idea de que Galicia, precisamente pola súa dimensión marítima, é un dos pobos máis abertos ó mundo, empezando polo Atlántico, sen esquecer o Mediterráneo de onde chegaron gregos, fenicios e romanos. Por conseguinte, os galegos, emigrantes por definición desde a Prehistoria (como demostran recentemente os estudos xenéticos), somos de maneira natural un pobo aberto que propende a unha visión universalista da humanidade, radicalmente afastada dos sectarismos tribais que aínda hoxe xermolan.

Antes de chegar a Compostela eu xa era amigo do profesor Luis Monteagudo, un dos arqueólogos (tamén doutor en Filoloxía Clásica) máis recoñecidos de Galicia a nivel internacional. E como era lóxico, foi don Luis o que fixo que nos atopamos Fernando e máis eu nun dos moitos percorridos polas aldeas e

2020-02-04 Alonso Romero estudando a pisada de Roldán en Cambás. Foto: Jose Maria Veiga



2007 Luis Monteagudo e Fernando Alonso Romero en Belvís. Foto: David Green

HOMENAXE A: Fernando Alonso Romero e María Castroviejo Bolibar

montes de Galicia, que despois repetiríamos infandas veces na procura da verdade prehistórica e antiga, dos mitos e das lendas superviventes e de todo aquilo que nos procurase certezas dos nosos devanceiros para, finalmente, comprender mellor o que somos. Desas viaxes conservo cadernos de campo e fotografías entrañables.

Co tempo, e co feito de ser eu nomeado director do *Anuario Brigantino* no concello de Betanzos (desde o correspondente a 1983), no que sempre se publicou e publica en galego, español e portugués, Fernando e don Luís, atoparon nesta revista de investigación, de ámbito galego, un lugar natural onde publicar sen problemas os seus traballos. Ademais, na editorial Briga Edicións, que creamos Teresa Garea e máis eu, publicámoslle dúas edicións (en 2000 e en 2005) do libro, *Historia, leyendas y creencias de Finisterre*. Tamén a súa esposa, María Castroviejo Bolibar, oftalmóloga, que o acompañou en tantos roteiros por Galicia, chegou a publicar algún traballo de etnoloxía como o titulado, “Antiguas prácticas tradicionales de la isla de Ons relacionadas con el embarazo y el parto” no *Anuario Brigantino* 2004, nº 27.

Non fago aquí a relación dos libros e traballos en revistas científicas de Alonso Romero, porque desbordaría amplamente o espazo dispoñible e porque pode verse en liña no Catálogo Iacobus da Biblioteca Universitaria da Universidade de Santiago de Compostela (uns 142 *items* en decembro de 2020, que seguirán medrando):

http://iacobus.usc.es/search~S1*gag?/aalonso+romero/aalonso+romero/1,5,156,B/exact&FF=aalonso+romero+fernando+1944&1,142/indexsort=-

Fernando Alonso Romero é un dos grandes etnólogos de Galicia, luz e guía na céltica bruma de Occidente.



2012-09 Aurora Lestón, Alonso Romero e Alfredo Erias na presentación do *Anuario Brigantino* 2011 n 34. Foto: Arume



2019-06-17 Fernando Alonso Romero con Martín Almagro Gorbea en Espenuca. Foto: Alfredo Erias



2018-09-30 Alonso Romero co filólogo irlandés James Durán. Foto: Alfredo Erias